



Guía Docente				
Datos Identificativos				2013/14
Asignatura (*)	Introdución aos Estudos Literarios		Código	613G03005
Titulación	Grao en Inglés: Estudos Lingüísticos e Literarios			
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Grao	1º cuatrimestre	Primeiro	Formación básica	6
Idioma	CastelánGalego			
Prerrequisitos				
Departamento	Filoloxía Española e Latina			
Coordinación	Rodríguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Profesorado	Nodar Manso, Francisco Javier Rodríguez Gonzalez, Olivia	Correo electrónico	francisco.nodar.manso@udc.es olivia.rodriguez.gonzalez@udc.es	
Web				
Descrición xeral	Conceptos básicos no estudo da literatura: xéneros, movementos e técnicas de análise literaria.			

Competencias da titulación	
Código	Competencias da titulación
A1	Coñecer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.
A2	Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.
A3	Coñecer as correntes teóricas da lingüística e da ciencia literaria.
A7	Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.
A11	Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.
A14	Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.
A15	Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.
B1	Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.
B2	Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.
B3	Adquirir capacidade de autoformación.
B5	Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.
B6	Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.
B7	Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.
B8	Apreciar a diversidade.
B9	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.
B10	Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.
C1	Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.
C3	Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.
C4	Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.
C6	Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.
C7	Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.
C8	Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.

Resultados da aprendizaxe			
Competencias de materia (Resultados de aprendizaxe)			Competencias da titulación
Conocer e aplicar os métodos e as técnicas de análise lingüística e literaria.			A1



Coñecer as correntes teóricas da ciencia literaria	A3		
Ter capacidade para avaliar, analizar e sintetizar criticamente información especializada.	A11		
Coñecer as literaturas en lingua galega, española e inglesa.	A7		
Ser capaz para identificar problemas e temas de investigación no ámbito dos estudos lingüísticos e literarios e interrelacionar os distintos aspectos destes estudos.	A14		
Ser capaz de aplicar os coñecementos lingüísticos e literarios á práctica.	A15		
Utilizar os recursos bibliográficos, as bases de datos e as ferramentas de busca de información.		B1	
Manexar ferramentas, programas e aplicacións informáticas específicas.		B2	
Adquirir capacidade de autoformación.		B3	
Relacionar os coñecementos cos doutras áreas e disciplinas.		B5	
Ter capacidade de organizar o traballo, planificar e xestionar o tempo e resolver problemas de forma efectiva.		B6	
Ter capacidade de análise e síntese, de valorar criticamente o coñecemento e de exercer o pensamento crítico.		B7	
Apreciar a diversidade.		B8	
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		B9	
Comportarse con ética e responsabilidade social como cidadán/á e profesional.		B10	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral coma escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.			C1
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.			C3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.			C4
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.			C7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.			C8
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cos que deben enfrontarse.			C6
Saber analizar e comentar textos e discursos literarios e non literarios utilizando apropiadamente as técnicas de análise textual.	A2		

Contidos	
Temas	Subtemas
1.Fundamentos dos estudos literarios	<ul style="list-style-type: none">-Obxecto de estudo-Dominios da ciencia literaria-Lingua e comunicación literarias-Periodización literaria-Xéneros literarios
2. A lírica	<ul style="list-style-type: none">-Concepcións da lírica e xéneros históricos-Métrica e retórica-Teoría da función poética-Enunciación e pragmática líricas



3. A dramática.	<ul style="list-style-type: none"> -Semiótica teatral. Drama e Espectáculo -Tempo e espazo -Personaxe e público -Xéneros históricos. Teoría aristotélica da traxedia
4. O ensaio.	<ul style="list-style-type: none"> -O xénero literario argumentativo -Enunciación e pragmática do ensaio -Conexión do ensaio coa retórica
5. A narrativa	<ul style="list-style-type: none"> - Narratoloxía da historia e do discurso - Modalización narrativa - Temporalización e espacialización narrativas - O personaxe narrativo - Xéneros históricos
6. Panorama histórico da Teoría da literatura.	<ul style="list-style-type: none"> - Antigüidade Clásica - Idade Media e Clasicismo - Romanticismo. Positivismo - Principais correntes dos ss. XX-XXI

Planificación

Metodoloxías / probas	Horas presenciais	Horas non presenciais / traballo autónomo	Horas totais
Análise de fontes documentais	1	2	3
Sesión maxistral	10	30	40
Resumo	3	3	6
Aprendizaxe colaborativa	3	3	6
Presentación oral	1	1	2
Obradoiro	4	4	8
Esquemas	3	3	6
Recensión bibliográfica	4	8	12
Lecturas	2	40	42
Proba mixta	2	10	12
Prácticas a través de TIC	2	6	8
Atención personalizada	5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	Para a elaboración de traballos procuraranse documentos diversos que serán especificados na aula polo profesor ou a profesora
Sesión maxistral	Sesións de exposición oral por parte do profesor ou profesora, que se esforzarán en transmitir contidos relevantes, aclarando dúbidas xurdidas. É a parte máis importante na transmisión de coñecementos.
Resumo	Práctica que acompaña a elaboración de esquemas
Aprendizaxe colaborativa	Os alumnos utilizarán distintas ferramentas de documentación para solucionar problemas e atopar resultados en común



Presentación oral	Os alumnos escollerán unha obra literaria entre as propostas na aula para o traballo en grupo, e as súas conclusións serán expostas oral e publicamente.
Obradoiro	Traballo na aula sobre distintas cuestións que presenta o fenómeno literario.
Esquemas	Práctica para a constatación dunha boa lectura de artigos, capítulos e outros textos documentais.
Recensión bibliográfica	As obras literarias asignadas a cada estudante serán obxecto de recensión seguindo as pautas dadas na aula
Lecturas	É a metodoloxía fundamental para iniciarse no estudo da literatura: haberá lecturas teóricas e lecturas de obras literarias.
Proba mixta	Trátase dunha proba escrita que poderá constar tanto de respostas longas e ben argumentadas, como de respostas breves e tipo test, así como de comentarios de breves textos teóricos ou literarios. Na primeira convocatoria referirase á parte teórica da materia. Na segunda convocatoria, incluírá tamén exercicios prácticos para os que non superen as prácticas de aula.
Prácticas a través de TIC	A investigación literaria debe moito ás TIC, imprescindibles para acopio de datos e relación de fenómenos. Realizaranse, se é posible, prácticas na aula net.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Recensión bibliográfica Esquemas Obradoiro Análise de fontes documentais Resumo	A atención personalizada levarase a cabo en función das necesidades do grupo de alumnos ou do estudante en particular, tanto na aula como a través do correo electrónico, o uso da plataforma moodle, ou o diálogo real en horas de atención ao estudante. Para que se realice axeitadamente, é indispensable que os alumnos acudan ás aulas e participen activamente nelas.

Avaliación

Metodoloxías	Descrición	Cualificación
Recensión bibliográfica	Avaliación da resposta do alumno no referente ao seguimento da orientación exposta na aula pola profesora ou profesor, para a realización de recensións, fichas ou comentarios de lecturas	15
Lecturas	Avaliarase o traballo de lectura realizado polo alumno	10
Obradoiro	Na aula de prácticas se avaliará o proceso de traballo individual e en equipo	10
Presentación oral	Terase en conta na súa avaliación o coñecemento da materia que o alumno demostre, así como a súa habilidade comunicativa e dominio da lingua oral na exposición na aula.	10
Sesión maxistral	A participación do estudante na aula da sesión maxistral será considerada como parte da avaliación do curso	5
Proba mixta	Cualificación na proba ou exame teórico da primeira convocatoria.	50

Observacións avaliación



Na 1º convocatoria, realizarase un exame teórico, cuxa nota se unirá á obtida nos traballos prácticos realizados durante o curso. Os alumnos que non superen entón a materia e pasen á 2º convocatoria, realizarán en xullo un exame máis extenso, que constará dunha parte teórica e outra práctica. A cualificación do exame será a nota obtida finalmente na materia.

En calquera das convocatorias, o alumno deberá obter unha nota mínima de 4 no exame para aprobar a asignatura, tal e como establece a normativa da Facultade de Filoloxía.

Os traballos nos que o alumno plaxie serán penalizados cun 0,00. As probas escritas e os traballos deben realizarse con corrección lingüística: o profesor ou profesora baixará a nota por erros de acentuación, ortografía, puntuación, concordancia sintáctica. Ou por redundancias excesivas, falta de precisión ou pobreza léxica, uso de abreviaturas ou utilización dun rexistro non formal. Na primeira oportunidade de avaliación, será considerado NP o alumno que non se presente á chamada "proba mixta", ou exame relativo á parte teórica da materia. Repetidores ou alumnos con exención de asistencia, por razóns laborais ou doutra índole, deberán poñerse en contacto co docente ao inicio do curso -e non máis tarde- para a organización da súa docencia.

Fontes de información

Bibliografía básica

- García BARRIENTOS, José Luis (2001). *Cómo se comenta una obra de teatro*. Madrid. Síntesis
- VILLANUEVA, Darío (1994). *Curso de teoría de la literatura*. Madrid. Taurus
- GARRIDO GALLARDO, M. A. dir. (2009). *El lenguaje literario. Vocabulario crítico*. Madrid, Síntesis
- CASAS, Arturo (coord.) (2005). *Elementos de crítica literaria*. Vigo. Xerais
- GUILLÉN, Claudio, (2005). *Entre lo uno y lo diverso. Introducción a la literatura comparada*. Barcelona. Tusquets
- VIÑAS PIQUER, David (2002). *Historia de la crítica literaria*. Barcelona. Ariel
- LAPESA, Rafael (2004). *Introducción a los estudios literarios*. Madrid. Cátedra
- CABO ASEGUNOLAZA, Fernando / RÁBADE VILLAR, María do Cebreiro (2006). *Manual de Teoría de la Literatura*. Madrid. Castalia
- GARRIDO GALLARDO, Miguel Ángel (1988). *Teoría de los géneros literarios*. Madrid. Arco
- SILVA, Vítor Manuel de Aguiar e (200). *Teoría e metodoloxía literarias*, Lisboa, Universidade Aberta..

Bibliografía complementaria

- VALLES CALATRAVA, José (dir.) (2003). *Diccionario de teoría de la narrativa*. Salobreña: Alhulia
- PAVIS, Patrice (1980) (1983). *Diccionario del teatro*. Barcelona. Paidós
- GARRIDO DOMÍNGUEZ, Antonio (1993). *El texto narrativo*. Madrid. Síntesis
- LÓPEZ CASANOVA, Arcadio (1994). *El texto poético. Teoría y metodología*. Salamanca. Ediciones Colegio de España
- GENETTE, Gérard (1972) (1989). *Figuras III*. Barcelona. Lumen
- BOBES NAVES, M. C. et al. (). *Historia de la teoría literaria*. 2 vols.. Madrid. Gredos
- BAJTIN, Mijail (1982). *La estética de la creación verbal*. México. Siglo XXI
- GARRIDO, Miguel Ángel (2000). *Nueva introducción a la teoría de la literatura*. Madrid. Síntesis
- BOBES NAVES, Mª del Carmen (1997). *Semiología de la obra dramática*. Madrid. Arco
- SILVA, Vítor Manuel de Aguiar e (1966) (1975). *Teoría de la Literatura*. Madrid. Gredos
- WELLEK, R. / WARREN, A. (1948) (1974). *Teoría de la literatura*. Madrid. Gredos
- VILARIÑO PICOS, Mª Teresa / ABUÍN GONZÁLEZ, (2006). *Teoría del hipertexto. La Literatura en la era electrónica*. Madrid. Arco
- POZUELO YVANCOS, J.M. (1988). *Teoría del lenguaje literario*. Madrid. Cátedra
- FOKKEMA, D.W. / IBSCH, E. (1988). *Teorías de la literatura del siglo XX*, 3ª edic.. Madrid. Gredos
- CABO ASEGUNOLAZA, Fernando (ed.) (1999). *Teorías sobre la lírica*. Madrid. Arco



Recomendacións
Materias que se recomenda ter cursado previamente
Materias que se recomenda cursar simultaneamente
Materias que continúan o temario
Observacións
Ir a clase

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías